

Inverno
2022
Nº 02



A Marela

a revista do cole de Paradela

*Cando o verán é inverno
e o inverno é verán,
mal anda para os pobres
o ano de pan.*

Conmemoracións

Sensibilizar, concienciar, chamar a atención, sinalar que existe un problema sen resolver, un asunto importante e pendente nas sociedades para que, a través desa sensibilización, os gobernos e os estados actúen e tomen medidas ou para que a cidadanía así o esixa aos sus representantes.

- 30 de Xaneiro. Día da Paz.
- 11 Febreiro. Día da muller e da nena na ciencia.
- 23 Febreiro. Día de Rosalía de Castro.
- 8 de Marzo. Día internacional da Muller.
- 21 de Marzo. Día internacional dos bosques.
- 2 de Abril. Día mundial da auga.



sumario

- 04 Entrevista
J. Manuel Mato
- 06 Inverno
O Acivro
- 08 Tecnoloxías
Libre Office
Gafas RV
- 10 Natureza
San Facundo
- 12 Proxectos
Meteoescolas
PVAD (Milla Diaria)
- 14 Festividades
Entroido
- 16 Saídas
Día da Poesía
Eroski
- 18 Entretemento
Sopa de letras, diferencias,
chistes...

#02 *A Marela. Revista*
trimestral escolar

CEIP Plurilingüe San Miguel
Rúa Veiga nº 6
27611 Paradela (Lugo)
Tif. 982870631



Esta revista está
impresa en papel reciclado

DA IMPORTANCIA DE APRENDER INGLÉS...?

Neste artigo imos falar de por que consideramos importante aprender inglés, desde o noso punto de vista.

Neste mundo cada vez máis globalizado, o inglés é considerado o idioma universal, e falalo é unha necesidade para poder comunicarse e acceder, no día de mañá, a un posto de traballo que nos interese. Pero xa non vaiamos tan aló...e pensemos en todo o que nos rodea...o inglés é crucial nas novas tecnoloxías, nesta era dixital palabras como software, WI-FI, SEO, etc, son termos con siglas inglesas; tamén nos coches, ou maquinaria agrícola, nos mandos e pantallas aparecen termos en inglés, polo que manexar o idioma facilita en gran medida o uso en xeral de novos aparellos e incluso algunha rede social.

Así mesmo, o inglés tamén amplía as posibilidades de entretemento: a maioría de películas, series, videoxogos e gran parte da música están feitas ou traducidas ó inglés, xa que se considera o idioma máis falado.

Outra razón, non menos importante, é que o inglés nos serve para viaxar polo mundo... E moitos de vós diredes: "Para que aprender inglés? Se está aí o tradutor de Google? É rápido, sabe todos os idiomas e non teño que estudar!". En certo modo tedes razón, traduce bastante ben, pero faino de xeito literal, e no momento menos esperado traduce algo sen pés nin cabeza e ti nunca o saberás, xa que non dominas o idioma, e imaxinádevos que o usades para traducir o currículo, un proxecto, ou una mensaxe ó/á noiv@!! Por iso eu considero que é unha axuda útil, que xa me gustaría ter a min cando tiña nove ou dez anos, pero ten que ser iso, una axuda, non o noso "cerebro artificial".

No que se refire á ensinanza de inglés no noso colexio, na etapa de Educación Infantil faise de xeito moi lúdico a través de cancións, contos, historias, xogos... Os nenos cando son pequenos non teñen vergoña de nada, polo que se lanzan a falar (por imitación e repetición) e practicar inglés sen medo a equivocarse ou ó que pensen os demais, adquirindo confianza e seguridade en si mesmos de cara ó futuro. Despois, nos dous primeiros cursos de primaria, séguese facendo fincapé nas cancións e xogos para aprender vocabulario e adquirir estruturas gramaticais, incidindo basicamente nas producións orais. Aínda que van vendo e recoñecendo a forma escrita do inglés, non se lles esixe, xa que ás veces, nesta etapa algúns nenos aínda están afianzando a lectura e escritura no seu idioma.

A partir de 3º vaise adquirindo a forma escrita e máis vocabulario, tamén con algunha canción, historias, vídeos culturais e de rutinas diarias de familias inglesas, que nos serven para practicar as destrezas orais e coñecer máis da cultura doutros países. Nos últimos cursos colle importancia a gramática para dar forma a textos escritos e interaccións orais de xeito ordenado, contando tamén cos recursos anteriores. Nestas interaccións orais contamos coa axuda dun auxiliar de conversa. Consideramos que é un bo apoio porque, seguramente, moitos d@s nen@s non van ter a oportunidade (ou interese) de viaxar a un país de fala inglesa, e esta é unha forma de achegalos a xente nativa, que ademais lles conta cousas e curiosidades do seu país, e isto fai que os nenos e nenas teñan acceso a dúas culturas distintas, polo que se enriquecerá a súa educación e desenvolvemento persoal, e terá una mente máis aberta cara ó mundo no que se refire á súa relación cos demais.

Rocio Castro Arias
Mestra de Inglés no CEIP Plurilingüe San Miguel

Entrevista

José Manuel Mato Díaz

O alcalde visita a nosa escola para compartir a súa experiencia como “capitán deste barco” no que vivimos, o Concello de Paradelá.

Sara Arias Arias
Sandra López Núñez

En que ano naciche?

Nacín no ano 1954, son moi maior, case abueliño teu (sorriso).

En que escola estudache?

Aquí en San Miguel, 3 anos nada máis, dos 5 ós 8 anos, porque tiña un parente cura que se chamaba Jesús Mato, que tedes oído falar del, de “Fuxan os ventos”, que a súa tía levoume a Lalín porque alí podía aprender un pouquiño máis.

Cres que eras bo estudante?

Non, máis ben regular, de rapaz fun un regular estudante. Estudei en Lalín e logo viñen ó seminario no que estiven uns 4 anos.

Hai que estudar moito para ser alcalde?

Bueno, para ser alcalde como tal non estudiei. Eu fixen o bacharelato e logo fixenme administrativo, preparaba oposicións para irme á policía secreta coma un primo meu e ó final acabei traballando en Paradelá, buscando para traballar na Cámara Agraria como administrativo e de aí empecei a traballar moito polos cidadáns de Paradelá e, por iso, ó final, elixíronme alcalde, porque buscaban alguén que quixera traballar por eles, polo pobo.

Antes de ser nomeado como alcalde de Paradelá, ocupache outro posto de traballo?

Sí, eu era funcionario de Madrid xa, funcionario do Estado, da Xunta. Cando era neno, no seminario tiñamos uns equipos de traballo que a parte de xogar ó baloncesto, voleibol ou fútbol organizábamnos tamén o dormitorio, tiñamos que ver que todas as camas estiveran ben feitas, fregar a habitación... eu era o capitán dese equipo e aí pódese ver que eu xa tiña un pouco de vontade e de servizo.

Cantos anos levas ocupando a alcaldía de Paradelá?

Ui, moitísimos, 44 anos vamos facer para finais deste ano. O que pasa é que como viña de funcionario compaxinei moito tempo este traballo co de ser alcalde. Levaba a Seguridade



Social Agraria e as tramitacións de todas as explotacións gandeiras que había no municipio, que agora hai bastantes menos. Cando eu estaba traballando na Cámara Agraria había mil explotacións gandeiras e hoxe non chegaremos ás cincocentas e había moita xente á que lle tramitaba as subvencións, a xubilación... todo o que tiña que ver coa Seguridade Social que agora hai que ir a unha oficina a Sarria, pois iso facíao eu en Paradelá. No ano oitenta e cinco oitenta e seis, por un réxime de incompatibilidades que puxeron a nivel da administración, tiveron que pedir a exclusiva no concello e fun alcalde a pleno rendemento e a miña praza na extensión agraria ocupou unha compañeira.

Que sentiche a primeira vez que te nomearon como alcalde deste concello?

Pois iso foi algo moi complicado naquel momento. Non sabía se tiña medo, foi unha situación moi complexa porque non sabíamos co que nos íamos encontrar. Naquela época estíbese comezando a democracia, esta etapa tan boa que tivemos durante estes corenta e tantos anos. Estamos falando do ano setenta e nove, en abril, e bueno, foi unha sensación que non a daría explicado agora porque era máis preocupación porque collías moitas responsabilidades.

Da moito traballo ser alcalde?

Moitísimo traballo ser alcalde. Alcalde es as 24 horas do día. Ó alcalde chámalo á unha da mañá, chámalo ás 12 da noite, chámalo ás 3 da tarde... Ós alcaldes das cidades non lles pasa iso pero ós alcaldes dos municipios, como o noso, estamos as 24 horas traballando e, logo se tes moita ilusión polo teu pobo, traballas moito máis, estás sempre buscando cousas novas, vendo proxectos novos... un alcalde non pode parar un minuto. Por exemplo, Paradelá creou no seu día un equipo de fútbol, foi dos que rexenerou e fixo que volvese a banda, creou un motoclub... O alcalde estivo traballando sempre arreo. Agora mesmo estamos traballando moito no noso concello en dúas cousas. Por un lado, Paradelá é o único concello galego con menos de 15000 habitantes que se acolle á “Bauhaus Europea” para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. E por outro lado, estamos coa axenda 20 30 e tamén somos o único concello de Galicia con menos de 15000 habitantes que temos eses plans europeos aprobados, incluso gañamos un premio de 50 mil euros para facer un gran proxecto para Europa e iso dá moito traballo.

Cal é a labor que máis che gusta facer como alcalde?

Todas son moi bonitas cando che saen ben pero como alcalde axudar ós maiores, ós nenos tamén pero, sobre todo, cando hai problemas familiares, problemas moi sensibles como persoas que non teñen quen os coiden, pois aí está tamén sempre o alcalde facendo esa labor social. E logo cada vez que realizas un ben común como arranxar un pobo, facer unha estrada, traída de augas... todas estas cousas que necesitan os habitantes pois satisfacen moito cando ves a obra feita.

Tes moitos papeis para firmar?

Ui Dios mío, agora xa se asinan telematicamente pero se vas ó meu despacho agora entre os de firmar e os de ler, aquilo é un revoltijo, está cheo de papeis por todos os lados e claro, nos concellos pequenos non temos tantos funcionarios coma nos grandes, tes que ter ti moito tempo dedicado á alcaldía. A que hora cres que me puiden levantar a traballar hoxe como alcalde? Ás 7 da mañá, ás 9 xa estaba en Lugo despachando cousas, volvíñ ás 12 ó concello e estiven ata as 15.00 h e agora de tarde teño que volver outro ratiño ó concello.

Que é máis difícil, gobernar o propio pobo ou as aldeas do contorno?

O pobo dá traballo pero darlle servizo ás aldeas é máis difícil, porque levar auga a todos os pobos de Paradelá é complicado. Nos temos tres potabilizadoras funcionando no concello pero aínda nos quedan case o 50% dos pobos que non teñen auga por redes municipais, teñen auga privada como a que tedes nas vosas casas, dos pozos... e iso é o que está facendo o concello, traballando nun plan para que todos os pobos e todas as casas teñan o servizo de augas municipais para facer fronte ás secas debido ó cambio climático.

Que destacarías do concello no que tanto tempo levas gobernando?

Pois o concello que tanto levo gobernando, como ben dis, é un concello que está entre dous ríos: o Miño e o Loio. Ten unha natureza viva e espléndida. Somos patrimonio da Humanidade porque temos o Camiño de Santiago e, concretamente temos na parroquia de Ferreiros, na Pena o quilómetro 100 e temos unha historia que ten máis de 1200 anos. Estamos dentro dun consorcio con municipios de Ourense e o resto da Ribeira Sacra lucense. Somos un ayuntamiento moi rico en natureza, patrimonio, augas... e, sobre todo, o que temos é que intentar mantelo así sempre, que sexa moi puro, que teñamos mellor calidade ambiental e, sobre todo, o benestar de Paradelá está nesa calidade de vida que nos pode dar o territorio que ocupamos.

Que é o que máis che gusta de Paradelá?

De Paradelá gústame todo. Temos dúas rutas de sendeirismo que se crearon aquí. Unha é PR-G 14, a ruta do Loio que é moi fermosa. Temos outra que é o camiño Vello de Aldosende que fixemos hai poucos anos e que a puxeron os entendidos como unha das máis bonitas da Ribeira Sacra. A natureza é o que máis me gusta do meu concello e, por suposto, a

personalidade dos de Paradelá que son/somos todos os maiores, xente de ben, xente que non é nada guerrillera.

Que se sente ser alcalde?

Unha preocupación constante, non tes momentos para relaxar, dicir ah que ben, son alcalde! O que te fai sentir ben é cando resolves os problemas da xente. Estás alí onde te precisan sempre. Por exemplo, nun incendio sabedes quen era o primeiro que chegaba case sempre? O alcalde. Creo que somos os segundos de Galicia que conseguimos ter un ENIL, espazo natural de interese local. É un espazo que protexe a natureza, temos moitos soutos, moita zona de viñado... e esas zonas están protexidas con esa figura de ENIL. Entón Paradelá ten moita riqueza. Tamén ten un sitio moi bonito que é a Pedra Ventureira na que vamos a facer un Miradoiro precioso, e é o punto máis alto de Paradelá que está a 864 metros de altitude.

Fóra do concello, que é o que máis che gusta facer? Tes algún hobby?

Pois cando tiña un pouquiño de tempo libre facía bastante deporte. Gústame moito o sendeirismo, fixen o Camiño de Santiago cun compañeiro meu que tamén traballaba na Ribeira Sacra. Como hobby gústame moito camiñar, como che dicía, gústame moito a moto, o que pasa é que agora como xa vou un pouco maior non podo saír tanto nela e despois o fútbol tamén me gusta moito, xoguei moitos anos e fun presidente da Sociedade Deportiva Paradelá e creador da mesma.

Como é a túa relación cos veciños de Paradelá?

A miña relación cos veciños de Paradelá é extraordinariamente boa. Eu puiden entrar nas casas de todos os veciños e sempre me recibiron ben. Para min son todos coma da familia e se vamos máis atrás, os nosos maiores como había tantos, quizais tiñamos unha sociedade máis participativa, máis cercana ca que temos agora. Eu ós vosos bisavós acórdome de todos e teño moitas anécdotas con eles, pero xa digo, para min a veciñanza de Paradelá é extraordinaria. Non teño inimigos, podo ter algún adversario, alguén que pode criticar ó alcalde, pero o alcalde non ten inimigos, quérelle a todos os veciños.

E xa para rematar, que consellos nos darías ós máis novos de cara o noso futuro?

O voso futuro... Digamos que é un futuro que se está complicando un pouquiño pero bueno, mira, o primeiro consello para vos é que estudedes moito, que vos formedes ben e tamén hai que procurar viaxar, visitar lugares que vos podan interesar dos que os vosos papás e profesores vos podan aconsellar e sobre todo, esforzo e traballo. Tédesvos que esforzar moito, a vida é moi complexa. Esforzavos agora nas vosas labores de estudar e logo cando chegedes ó instituto e, máis adiante, hai que esforzarse moito no traballo porque unha vez acadades un nivel importante, a vida vaivos ser máis fácil. A vida é competición, coma nun deporte, hai que competir para ter uns bos postos de traballo, saír ben formados e, sobre todo, ser sempre sempre moi boas persoas.

Moitas grazas!

Inverno

O Acivro



Un ano máis a neve visitounos e cubriu a nosa escola de branco.

Yanira Díaz López
Hugo López Mourín

O inverno é unha estación do ano que comeza o 21 de decembro e remata o 21 de marzo. Trátase da estación máis fría do ano que ten lugar entre o outono e a primavera. Esta estación caracterízase porque ten os días fríos e curtos e as noites longas con baixada das temperaturas por debaixo de cero.

Durante o outono e o inverno, as árbores baixan a súa produción e o seu crecemento é máis lento, polo que precisan menos auga. Algunhas árbores manteñen a súa folla, son chamadas árbores perennes mentres que outras que xa a perderon no outono, reciben o nome de árbores de folla caduca.

A savia é un líquido que circula polas plantas e está composto por auga e nutrientes. Para fabricala, as árbores necesitan aire, auga que se absorbe polas raíces e fundamentalmente luz do sol. Pero no inverno, como dixemos, hai menos horas de luz e a auga que está na terra está conxelada moitas veces, polo que as raíces non a poden absorber.

A finais do inverno, as árbores volven reiniciar a súa actividade, as raíces absorben os nutrientes da terra e agora vanse repartindo polas pólas, de tal xeito que comezarán a brotar as follas, o que é sinal de que a primavera xa está preto.

O inverno é unha estación fría pero que tamén nos gusta moito porque celebramos o Nadal e podemos gozar das nevadas. Neste mes de xaneiro tivemos unha nevarada moi grande, non puidemos ir ó cole porque os autobuses non puideron pasar polas estradas así que xogamos nas casas coa neve. Foi xenial!



O Acivro

O acivro é unha árbore silvestre, que ten as follas brillantes e con espiñas nos bordos. Ademais, estas follas son moi duras e de cor verde escuro. O seu froito son unhas boliñas de cor vermella que fan que sexa unha árbore moi chamativa. Precisa moita luz e pouca calor por iso é unha especie que se adapta moi ben ó inverno e, como xa sabemos, forma parte da tradición decorativa das festas de Nadal.

Esta árbore pode chegar a medir uns vinte metros de altura e durar séculos. Ten unha madeira moi dura, polo que se emprega para facer principalmente obxectos decorativos pero tamén para facer os mangos para as ferramentas.

Durante o inverno como fai moito frío e baixan as temperaturas, a penas hai insectos e algunhas aves aliméntanse do froito do acivro. Pero é importante saber que este froito para as persoas é tóxico e venenoso polo que non podemos inxerilos xa que pódenos prexudicar gravemente a nosa saúde.



O acivro era a árbore sagrada dos celtas que a usaban para atraer a boa sorte e a prosperidade.

Tecnoloxías

Gafas RV 360º



Unha das cousas que mais lles gusta facer aos participantes da actividade de informática é a visualización de vídeos usando as gafas de realidade virtual que temos na escola. Con estas gafas podemos sumerxirnos nunha infinidade de lugares diferentes e observar en primeira persoa situacións que doutro xeito sería imposible. Por exemplo, un dos vídeos favoritos que sempre lles apetece ver é un documental de National Geographic acerca da vida dos leóns na sabana. Nese vídeo poden apreciar ben de preto como interactúan eses animais pero coa seguridade de estar a salvo no cole. Ao estar grabados en 360 grados podes xirar a cabeza ou subila e baixala e decidir o que queres ver, a diferenza de ver un documental na televisión onde so podes ver o que sae no encuadre do plano que estean mostrando. O funcionamento destas gafas é moi doado, basta con acoplar un teléfono smartphone e buscar un vídeo de realidade virtual 360º. Existe unha gran variedade de vídeos de diferntes temáticas e todas son

moi interesantes: Astronautas no espacio, submarnistas ou se o prefires podes vivir a experiencia de montar nunha montaña rusa.




Apariencia da pantalla dividida para cada ollo nas gafas RV.



Sen dúbida a ferramenta máis usada nun ordenador probablemente sexa o procesador de textos. Con eles temos unha ampla gama de posibilidades de traballo, por suposto escribir textos pero tamén crear táboas, insertar imaxes e como non, crear diferentes tipos de contido como debuxos, gráficos etc.

Aquí vamos falar un pouquiño do que nós usamos no cole. Chámase *WRITER*, que significa escritor en inglés e pertence ó paquete de aplicacións *LIBREOFFICE*. Como o seu nome indica é "libre" que quere dicir que é gratis e que non é necesario pagar por adquirir unha licenza para o seu uso. Todo o mundo coñece as versións orixinais de Microsoft Office e o seu famoso *WORD*. Pois ben, podemos dicir que esta é a alternativa gratuíta desas aplicacións e aínda que non son exactamente iguais e tan completas son perfectamente válidas para poder realizar traballos a calquera nivel.


Neste paquete de programas temos varias opcións ademais do procesador de textos como, por exemplo, outras que nos servirán para facer presentacións, bases de datos, follas de cálculo, debuxos e proxectos artísticos, pero ao igual que no orixinal de Microsoft, o máis usado, é o procesador de textos *Writer*.




Apariencia do programa WRITER

Os nosos pequenos redactores están xa moi familiarizados con *WRITER* e por exemplo, os contenidos que redactaron para esta revista foron escritos usando esta aplicación.

Un exercicio que realizamos na actividade foi o que se chama *PixelArt* e consiste en crear unha imaxe enchendo cadríños de cor simulando unha imaxe pixelada. En realidade, as imaxes dixitais son exactamente iso, píxeles con diferentes tonos de cor que despois forman a imaxe. Este efecto que conseguimos aquí sería o mesmo que ampliar moito unha imaxe ata poder apreciar os píxeles que son eses cadradiños que vemos nestes dous exemplos que vos amosamos aquí. A pesar de que a primeira vista observamos imaxes sinxelas non é doado chegar ata este resultado.



Pixelart realizado por Yanira



Pixelart realizado por Alma

NATUREZA

SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO

MIRADOIRO DE SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
IKER LÓPEZ RODRÍGUEZ 3º EP

FOTO GAÑADORA DO CONCURSO FOTOGRÁFICO
PAISAXES DE INVERNO EN PARADELA
(METEOESCOLAS)



Para ver todas as fotografías do concurso accede a nosa web



O concello de Paradelas é rico en natureza. Hoxe vamos deternos en San Facundo de Ribas de Miño que recibe centos de visitas de persoas de todo o mundo. Está formado por un templo parroquial e

unha casa reitoral que está xusto ó carón e foi construído coa finalidade de darlle hospedaxe ós peregrinos que viaxaban a Santiago. Este conxunto, declarado monumento de interese nacional no ano

1982, está moi preto do río Miño. Ó pé deste monumento comeza unha andaina que nos leva por unha camiño cheo de soutos e de viñedos ata chegar ó miradoiro. Desde alí pódese observar unha

fermosa estampa do río Miño e as súas ladeiras. Dependendo da época do ano o río leva máis ou menos auga. A andaina continúa por uns paraxes nos que a flora e a fauna nos acompaña en todo momento.

Proxectos

MeteoEscolas

Dende o ano pasado o noso cole participa no **Proxecta+ MeteoEscolas** que consiste en estudar e traballar aspectos relacionados coa meteoroloxía e o clima de Galicia mediante a observación da meteoroloxía na escola. No patio do colexio temos colocada unha estación meteorolóxica e diariamente o alumnado é o encargado de levar rexistro das temperaturas e precipitacións. Ademais, trabállanse coñecementos moi relacionados coas ciencias e as matemáticas.



Alumnas de 5º de EP recollendo datos.



Vida Activa e Deportiva

Este ano ademais, tamén dentro do **Proxecta+** participamos no **Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD)** relacionados coa vida saudable e na que intentamos incrementar de xeito semanal a actividade física, así como mellorar a nosa alimentación. Realizamos a **Milla Diaria** inicialmente os luns e os mércores percorrendo arredor dun quilómetro pola vila.

Ademais no mes de marzo participamos nunhas Olimpíadas Deportivas: salto, velocidade, lanzamento e resistencia, o finalizar cada proba tiñamos a posibilidade de merendar unha froita.

Con estas actividades dámonos conta do importante que é ter unha boa alimentación, equilibrada e saudable así como a importancia da realización de exercicio físico.



Participantes das Olimpíadas

ENTROIDO

Thalia Folgueiras Arias

O entroido deste ano foi xenial. Por fin o Covid 19 foi quedando atrás e puidemos celebrar esta festa sen restricións e sen máscaras e ademais, como o bo tempo nos acompañou, puidemos saír polas rúas de Paradela, onde as nosas familias e os veciños nos agardaban para ver o noso desfile.

No noso cole, neste trimestre, os nenos e as nenas de Infantil estiveron traballando sobre unha profesión moi interesante, a apicultura e, polo tanto, tamén sobre as abellas. Deste xeito o resto de clases de Primaria tamén nos interesamos sobre esta temática e xunto cos profes decidimos que os nosos disfraces xirarían en torno a este tema.

Deste xeito polo mes de xaneiro comezamos a dar os primeiros pasos. Os máis pequenos irían disfrazados de abellas, os de 1º e 2º de xirasoles, os de 3º e 4º de apicultores e os máis maiores de científicos. Todos os disfraces foron elaborados no cole e coa axuda das familias e nós mesmos tamén os fomos facendo.

Chegado o día, o 17 de febreiro, estábamos moi pendentes da meteoroloxía pero o día amencía cuns raios de sol, o que nos indicaba que sairíamos polas rúas. A media mañá saímos do cole acompañados dos profes e tamén dos nenos e das nenas que están na Casa Niño e, por suposto, a música non podía faltar.

Fixemos unha parada no Campo da Feira de Paradela onde a ANPA nos tiña preparada unha rica merenda: chocolate quenteño, rosquillas, orellas... estaba boísimo todo! Aproveitamos para botar uns bailes e repoñer forzas para continuar co camiño e alí atopámonos con moita xente do pobo que nos estaba agardando.

Despois continuamos o camiño e antes de chegar ó cole fixemos dúas paradas máis. Unha foi na Residencia dos Maiores onde paramos a saudar ós avós, avoas... xente maior de Paradela, que nos recibiron cunhas carautas de leóns. A outra parada foi no concello onde o alcalde e o resto de traballadores nos recibiron e nos deron unhas bolsas de caramelos.

Finalmente chegamos ó cole. Chegamos moi cansos, a ruta foi longa e fixo moita calor. Puidemos xogar no patio un pouco todos xuntos e escoitar tamén música. E pasada unha media hora xa entramos para o comedor.

Este entroido foi moi divertido!



SAÍDAS E VISITAS

Sandra López Núñez
Sara Arias Arias

Visita ó Supermercado

Neste trimestre fixemos algunhas excursións que vos vamos contar. Por un lado o día 6 de marzo o alumnado de Primaria visitou un supermercado en Sarria para realizar dúas actividades: unha relacionada con hábitos saudables e outra con cálculos matemáticos. O primeiro que fixeron foi explicarnos como van distribuídos os alimentos na pirámide alimentaria e, xa no super, fixemos cinco paradas: na panadería, na peixería, na carnicería, nos lácteos e na zona de perfumería.

Ó rematar esta primeira actividade fixeron xogos con nós, de tal modo que cos ollos pechados e mediante o tacto, tiñamos que adiviñar que froita ou verdura estábamos tocando, o mesmo de novo pero, en vez de tocar os alimentos, saboreándoos... Tratábase de poñer en marcha algúns dos nosos sentidos como o gusto, o tacto ou o olfacto.

Despois convidáronnos a unha rica e saudable merenda.



Explicación na pescadería

Xa rematada a merenda pasamos a realizar outra actividade que consistía en escoller varios alimentos e ir anotando os nomes do produto, o seu prezo... para logo saber o que ía custar a compra. Unha actividade realmente interesante e na que a monitora insistiu en que "Somos o que comemos", é dicir, se temos unha alimentación saudable teremos unha boa saúde.



Alumnado na zona de perfumería

Día da poesía na Praza da Vila (Sarria)

O día 21 de marzo con motivo da conmemoración do Día da Poesía, dedicado este ano a Manuel María, o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria participou no acto que se celebrou na Praza da Vila en Sarria xunto con outros colexios e institutos da comarca.

Nel lembrouse ó poeta chairego mediante ó recitado de poemas e música.



Lectura dos alumnos de 5º de EP na Praza da Vila de Sarria

Visitas ó Centro



Rosa impartindo o obradoiro de fuelles

Neste trimestre foron varias as visitas que tivemos ó centro. Visitounos a Asociación de Síndrome de Down para contarnos cal é o seu traballo e realizar actividades en todas as aulas, sensibilizarnos sobre este trastorno xenético.

Por outro lado algúns papás e mamás acudiron ó centro para falarnos sobre as súas profesións e realizar algunha actividade con nós. Deste xeito, nas aulas de Educación Infantil tiveron a oportunidade de realizar un taller sobre as emocións, aprender un pouco sobre a linguaxe de signos, realizar un obradoiro sobre a elaboración de fuelles, coñecer a apicultura máis de preto... toda unha experiencia na que se demostra a implicación das familias coas actividades que se realizan no centro.



Miguel mostrando unha colmea





Alba impartindo o taller de linguaxe de signos

Entretemento

Jose Ferreiro Núñez

Podes ver as 7 diferencias?



SOPA DE LETRAS

Atopa os 10 deportes


V Q T P V M Q Z Y A C F M O I P I H Z O X Ñ Y E Z
 W V M P Ñ Z X R Q U O P T Z M O I Q E V B O X E O
 D H J O G H F N F T R S L Ñ A E H B G R J D K S I
 V K Q W U O B C M Z E Q Ñ J X G P A W E U P L K C
 Z X B H D Y P A R C C N W R E Y P Z F M B V Y R N
 Q T Y P N C A S N O S T I E Y B M Z X I A Y D S M
 R S U Q A S D O F G N M L S T E R T U I O R O E O
 U I L A T P L E F B N P O U T W T Z H M Y T P A U
 N O A O R A L H G F D R O I R R F D P O I U D S B
 V P C B B L W D F H E K A U T O M O V I L I S M O
 W Ñ V N W J L Ñ C B N J T Ñ N Q W Y N X N G D D Z
 E F U T B A L Y U U N U T E T E B U I X R Ñ S F V
 T D N Z H J Y O P E W Y N Y L Ñ E F H Ñ D O U G Ñ
 O T M C B M Ñ P F U T B O L Y O X A M O S I V H C
 H H C D R T H Y G F D P I T R N A T A C Ñ T M N B
 A Ñ S E A T L E T I S M C C I U F J O T O P L M K
 X I Q R Y I O P L V Ñ P A Ñ O N A L T R I L Ñ A P
 E C I C L I S M O H T K T O P A C P A A Y Z U C O
 X X M B Y T I F R J R L A I M M P O X S T R T V I
 Q Z Ñ N V C L G E L E B N W N N U I P C V Q F N R
 N X T K N M F I P I O N M E V O T T O X L A D L W
 M L A L K Ñ S O T C X P Ñ R B L W A I V V S I H A
 B U S F Z V M Y W Z B J L Ñ B A D M I N T O N T O
 E Q A T L E T I S M O E A C M B R I V A W I O N Y
 N B E M W L Ñ A S D F G H J K L Ñ P R K Ñ S T A Ñ

CHISTES


1. PRESTEILLE 100 EUROS A UN CEGO.
 DIXO QUE CANDO ME VEXA YA ME PAGA.



2. CAL É O COLMO DUN ASTRONAUTA?
 ENFERMAR DE GRAVIDADE.




3. POR QUÉ AS FOCAS MIRAN SEMPRE PARA ARRIBA?
 ¡PORQUE AÍ ESTÁN OS FOCOS!



4. CÓMO SE DICE PELO SUCIO EN CHINO?
 CHIN CHAM PÚ.



5. UN GATO COMEZA A LAORAR NO TELLADO DUNHA CASA.
 OUTRO GATO, SORPRENDIDO, PREGÚNTALLE:
 - ÉSTÁS TOLO GATO, POR QUÉ LAORAS EN VEZ DE MIAÑAR?
 O GATIÑO RESPONDE:
 - É LOGO NON PODO APRENDER OUTRO IDIOMA OU?





Reutiliza, Reduce, Recicla
Protexamos o noso planeta



Séguenos na nosa web